

## CRITERIOS DE VALORACIÓN DE FORMACIÓN EXTERNA

Consideramos formación externa a toda a que non foi artellada no seo do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (bolsa de formación anual ou entidades con convenio de colaboración) sexa de entidades afíns ou de todo tipo de organizacións.

O proceso vai dende a recepción do dossier informativo no correo-e do Ceesg a consulta coa Área de Desenvolvemento profesional e, finalmente, a publicación no espazo web e redes sociais ou a devolución con agradecemento.

Esta formación aparece publicada na web, ceesg.gal, no apartado [Formación en liña gratuita](#) e en [Formación con desconto](#) para colexiadas.

Para valorar a publicación de cursos de formación externa ao Ceesg séguense os seguintes criterios:

- **Matrícula con desconto.** Valórase no caso de ter unha cota de inscrición se se ofrece algún desconto ás profesionais colexiadas e a porcentaxe do mesmo.
- Contidos non contrarios aos **valores colexiais**, por exemplo Figura profesional de *Coordinador/a Parental*. Este principio é excluínte, non suxeito a valoración.
- Formación que conteña **perspectiva socioeducativa**. Valoramos que a formación sexa impartida por profesionais da Educación Social ou por unha entidade que incorpore a nosa profesión no seu contexto interdisciplinario.
- **Concordancia cos obxectivos dos Grupos de Traballo**, tomando o criterio do grupo de traballo como a referencia no seu ámbito da Educación Social. Aplícase sobre todo cando os contidos nos son directamente socioeducativos pero serven para achegar formación sobre aspectos que sumen coñecemento segundo o ámbito.
- Contidos de interese no **contexto actual**, por exemplo ferramentas de comunicación en liña cando recentemente se instaurou un Estado de Alarma.
- Entidades coas que se manteña **colaboración permanente ou eventual**.